

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 17 DE XULLO DE 2020 ÁS 21:30 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA, NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes

D^a. Hénar de Diego

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. Ángel González Iglesias

D. José Carlos Senovilla

D. José Miguel Merino Encinas

Socios con dereito a voto

Xosé Lois Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

ORDE DO DÍA

1 Modificar os Estatutos do Club para incorporar a autorización para a celebración de Asembleas Xerais Ordinarias e Xuntas Directivas mediante medios telemáticos.

SESIÓN

Abre a sesión o Presidente explicando que estes cambios de Estatutos están motivados pola situación da pandemia da Covid-19.

Dá fe coma Secretario da Asemblea Xeral Extraordinaria o

Vogal D. José Miguel Merino Encinas.

1 Modificar os Estatutos do Club para incorporar a autorización para a celebración de Asembleas Xerais Ordinarias e Xuntas Directivas mediante medios telemáticos.

Motivación.

A situación de pandemia da Covid-19 e o seu confinamento produciu unha novidade terrible na nosa colectividade. Estes fatais cambios, foron compensados, en parte, grazas ó actual desenvolvemento de medios técnicos e telemáticos que impediu a paralización total da sociedade.

A nosa entidade deportiva, con máis de 25 anos de historia, non recollía a posibilidade da celebración de reunións e asembleas de forma non presencial. Por iso propónse a incorporación nos nosos Estatutos da opción excepcional de celebrar as reunións de Xunta Directiva e as Asembleas Xerais Ordinarias de forma non presencial. Por outra banda considérase que as Asembleas Xerais Extraordinarias, pola súa importancia e relevancia legal para a entidade, non son merecedoras deste cambio para salvagardar os propios intereses da entidade.

Sométense os seguintes textos a exame e aprobación:

Art. 13.4 Excepcionalmente en casos de forza maior, ou por necesidades especiais xustificadas, as reunións da Xunta Directiva poderán realizarse de forma non presencial, mediante medios telemáticos adecuados, debendo levantar acta e sendo esta asinada posteriormente de forma presencial ou telemática polos membros asistentes.

Art. 16.3 Excepcionalmente en casos de forza maior, ou por necesidades especiais xustificadas, autorízase á celebración das Asembleas Xerais Ordinarias de forma non presencial mediante medios telemáticos. As convocatorias deberán ser realizadas nos prazos recollidos neste artigo, mediante a publicación da convocatoria e da orde do día na web oficial do club e con remisión simultánea da mesma información ós correos electrónicos de tódolos socios, así coma cun aviso resumido mediante o envío de SMS ós teléfonos móbiles dos mesmos no mesmo día. Os datos persoais de contacto serán os recollidos nas fichas de socios e é obriga de cada socio comunicar por escrito calquera cambio ó respecto.

A entidade procurará, na medida das súas capacidades económicas, os medios técnicos necesarios para poder identificar de forma telemática ós socios participantes nas Asembleas Xerais Ordinarias.

Unha vez lidos e comentados estes textos, solicítase a súa aprobación, quedando aprobadas as modificacións por unanimidade.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 22:00 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe o Vogal e Secretario da Asemblea co visto e prace do Presidente.

Dá fe
José Miguel Merino Encinas
Vogal – Secretario da Asemblea

Co Visto e Prace
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente do Clube de Montaña Xistra